

# RESUMO NORMAS DE

# FUNCIÓNAMENTO DO CENTRO

**CEIP DE ARDÁN**  
**CURSO 2021-2022**





# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CEIP DE ARDÁN  
[www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/)



O plan de adaptación á situación COVID-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio. Neste documento imos reflectir os máis salientables.

## **USO DA MÁSCARA**

**O uso da máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado tamén en infantil** (sempre que sexa posible) mentres se atopen dentro do recinto escolar, incluídas nas entradas e saídas. **As familias deberán facerse cargo de que a/o nena/o acceda ao colexio cunha máscara e deberán levar unha segunda máscara de recambio nun estoxo.**

## **COMEZO DAS AULAS**

➤ **Xoves 9 de setembro**

**O alumnado de Infantil e Primaria incorporárase o xoves 10 de setembro de forma conxunta nun horario de 9:00 a 14:00.**

## **NORMAS XERAIS DE PREVENCIÓN**

- Evitar aglomeracións**, organizando as entradas e saídas do alumnado e establecendo quendas de recreo, dividindo os patios para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo e regular o acceso aos aseos.
- Manter a distancia social nos diferentes espazos.**
- Responsabilidade das familias ante a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CEIP DE ARDÁN  
[www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/)



- **NON ASISTIRÁN AO CENTRO** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, así coma aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

-Antes de acceder ao centro ou algunha das dependencias **limparanse as mans con hidroxel e manterase a distancia de seguridade.**

-Durante os primeiros días do curso **traballarase a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro.**

### **LIMPEZA XERAL DO CENTRO**

-Reforzouse o **servizo de limpeza ampliando** o seu tempo cunha quenda pola mañá.

-O alcance abrangue todas aquelas superficies que poidan ser vectores de transmisión en especial as zonas de uso común e de maior frecuencia.

-Facer limpeza diaria das aulas e espazos comúns polas tardes.

- Establecer un control de ventilación correcta de aulas e corredores

- Limpeza/desinfección dos baños tres veces ao longo da xornada lectiva.



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP DE ARDÁN

[www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/)



## HIXIENE PERSOAL

- Facer varias limpezas e desinfeccións de mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e nas entradas ao centro e xabón líquido nos aseos.
- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar no cóbado.
- Evitar tocar a cara e levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

## RUTINAS DE RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección despois do seu uso. Supón un exercicio de educación cívica e respecto.
- Interiorizar a limpeza dos elementos propios de traballo.
- Facilitar a labor do persoal de limpeza, xa que as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas.



## ELEMENTOS DE LIMPEZA A DISPOSICIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

**Xabón** nos aseos e **Xel** nas entradas, en todas as aulas e espazos comúns.

**Alfombra desinfectantes** nas entradas.

**Panos para desbotar** nas aulas e espazos comúns.

**Solucións e papeis desinfectantes para superficies** nas aulas e espazos comúns.

**Papeleiras con tapa e pedal** nas aulas e espazos comúns.

## MODIFICACIÓNS NA ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

TEMA	MODIFICACIÓNS
<b>Catro grupos estables de convivencia</b>	1º) Infantil: <b>alumnado de 3,4 e 5 anos</b> 2º) <b>1º e 2º de Educación Primaria</b> 3º) 3º e 4º de Educación Primaria 4º) 5º e 6º de Educación Primaria
<b>Horario entrada</b>	Recollidos con detalle no “Plan de adaptación á situación COVID-19 do CEIP de Ardán para o curso



e saída	2021-2022”
Recreos e espazos	Manterase o mesmo horario cunha quenda de recreo, con variación nas saídas e entradas. Aumenta nun profesorado a vixilancia do alumnado. Ademais dividirase o patio en diferentes espazos para cada un dos grupos. Para máis detalle consultar no “Plan de adaptación á situación COVID-19 do CEIP de Ardán para o curso 2021-2022”
Gardas de entrada	Aumenta o número de profesorado nas entradas, o cal permanecerá nas entradas do recinto escolar. A función será supervisar o acceso do alumnado e comprobar que realiza as rutinas previas ao inicio da xornada lectiva.
Acompañamento do alumnado	Limitase a un acompañante por alumna/o no recinto escolar nas entradas <b>só para o alumnado de Infantil</b> que non empregan o transporte escolar. Será fundamental respectar os horarios de entrada e saída: <b>-Educación infantil</b> , Entrada: entre 8.55h e 9:05h Saída: 13.55h <b>-Educación primaria</b> , Entrada: entre 8:45h e 9:00h Saída: 14.00 En canto a alumna/o entre ou saia, os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.
Reunións familias inicio do curso	Realizarase coma todos os anos a finais de setembro, principios de outubro. A poder ser de maneira presencial preferentemente, se non, realizaríase vía videochamada ou vía telefónica. Só debe acudir un membro da familia e non poden acudir coa nena ou neno. Respectando sempre as medidas de seguridade do centro.



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP DE ARDÁN

[www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/)



<b>Titorías</b>	Nas reunións de titorías e nas comunicacións por outros motivos preferentemente realizaranse as comunicacións por videochamada ou teléfono.
<b>Atención Dirección</b>	Só se atenderá presencialmente con cita previa. Pódese solicitar a través do teléfono: <b>986 15 13 31</b> , ou do correo electrónico: <a href="mailto:ceip.ardan@edu.xunta.gal">ceip.ardan@edu.xunta.gal</a>
<b>Orientación</b>	Priorizarase a comunicación por telefono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos. Só se atenderá presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.
<b>Biblioteca</b>	Empregarase a través de quendas fixas para cada aula no horario de clases. Nos recreos dos mércores e venres poderán acudir tamén por quendas rotatorias de clase.
<b>Aula Tic</b>	Empregarase a través de quendas fixas para cada aula no horario de clases.
<b>Equipo COVID</b>	O noso colexio conta cun Equipo Covid encargado de informar ás familias, atender ao alumnado que presente síntomas e poñerse en contacto coa Consellería de Sanidade para avisar dalgún posible contaxio. Máis información no “Plan de adaptación á situación COVID-19 do CEIP de Ardán para o curso 2021-2022”